

III Concurso de vídeos INFORMATÍZATE

Escola Técnica Superior de Enxeñaría

OBXECTO

A Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE) da Universidade de Santiago de Compostela (USC) organiza, co patrocinio do Departamento de Electrónica e Computación (DEC) e do Servizo de Normalización Lingüística da USC, o “III Concurso de Vídeos INFORMATÍZATE”.

O concurso ten por obxecto promover a divulgación das TIC (Tecnoloxías da Información e Comunicación), ao mesmo tempo que contribuír ao cambio dos estereotipos sociais que asocian o traballo en TIC co xénero masculino, utilizando o galego como medio de transmisión do coñecemento, e estimulando a creatividade do estudiantado cos medios audiovisuais.

Este concurso está aliñado coa actividade realizada no centro polas Comisións de Normalización Lingüística e Igualdade.

BASES

Artigo 1.- Participantes

Poderán participar neste concurso:

- 1.0 alumnado de ciclos de formación profesional, bacharelato, educación secundaria obrigatoria dos centros de Educación de Galicia. A participación será en grupos de 4 persoas como máximo e coordinados polo profesorado do centro.

2. O alumnado de educación infantil e primaria dos centros de Educación de Galicia. A participación será en grupos formados polo alumnado da mesma aula e da que se responsabiliza un persoa docente do centro.

Artigo 2.- Características dos Vídeos

A duración dos vídeos, inéditos e orixinais, será de entre 2 e 3 minutos e a lingua empregada será o galego. Non se aceptará ningún vídeo que exceda do máximo de 3 minutos.

A temática poderá estar relacionada con:

- MODALIDADE A: visibilización de mulleres que traballaron ou traballan en temas relacionados coas TIC.
- MODALIDADE B: explicación de conceptos relevantes no eido da informática.

Valorarase de forma destacada a posta en valor da igualdade de xénero nas TIC. Tamén se terán en conta: a creatividade e orixinalidade, a precisión do contido, a corrección lingüística e a calidade visual e de son.

Artigo 3.- Prazo de presentación

Os traballos remitiranse ata as 14 horas do 28 de Abril de 2023 a través do formulario electrónico dispoñible na seguinte dirección:

<https://forms.office.com/Pages/ResponsePage.aspx?id=LEUNj6S3ZEm4EIw5c3RHe-SFjCO9uQlGmWHL520--gRUQUkwUkVXVjdOWkg0ODhHN1czODVFRTThWRC4u>

Artigo 4.- Xurado

O xurado estará presidido polo/a Director/a do DEC, ou persoa en quen delegue, e composto, ademais, por un mínimo de dúas persoas do Departamento de Electrónica e Computación. Invitarase a unha persoa experta en didáctica tecnolóxica, a un membro do Servizo de

Normalización lingüística da USC e a unha persoa que designe a Oficina de Igualdade da USC co obxecto de asesorar ao xurado nos seus respectivos ámbitos. A composición publicarase na mesma páxina web onde figura a convocatoria do concurso.

Artigo 5.- Premios

O concurso INFORMATÍZATE consta de dous premios para cada modalidade:

- * Estudantes de Primaria: Diploma e material informático por valor de 150 €
- * Estudantes de Secundaria, Bacharelato e Formación Profesional: Diploma e material informático por valor de 200 €

Ademais, os centro/s premiados e os/as titores/as recibirán tamén un diploma acreditativo.

A organización do concurso resérvase o dereito a declarar desertos os premios, no caso de que os vídeos non reúnan ás condicións necesarias para seren premiados, así como a ampliar os premios concedendo os accésits que considere oportunos.

As equipas premiadas e a data de entrega dos premios faranse públicas o luns 22 de maio na páxina web da ETSE.

Artigo 6.- Aceptación das bases

A participación neste concurso implica a plena aceptación das súas bases e da decisión do xurado. Os vídeos premiados quedarán en poder da ETSE, do DEC e da USC, que se reservan o dereito de os poder empregar para a súa exposición pública. As equipas participantes autorizan á ETSE, ao DEC e á USC a facer públicos os traballos presentados a través das súas páxinas web mantendo a autoría dos creadores e das creadoras.